

CEN HISTORIAS MÁXICAS

*pola Mariña
encantada*



Antonio Reigosa

ILUSTRACIÓNS de Neira Brochs

Antoloxía de encantos, milagres, seres e lugares lendarios da Mariña lucense.

Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova,
Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

Presentación



MARIÑA É, ADEMAIS DE ANCORADA MEMORIA DUNHA EXTINTA PROVINCIA E SEDE bispal milenaria, señorío mesturado de terra fértil e augas vivificantes, pedra e arxila, frondosos bosques e ríos saltasebes, frescas fontes e canoras fervenzas, covas enigmáticas e furnas misteriosas. A Mariña é praia, sol e sombra, camiño, sebeiro e ronsel de escuma no Mar das Baleas que lle dicía o señor Cunqueiro.

A Mariña conta cun exuberante patrimonio cultural, material e inmaterial, mestura de traballo, tradición e crenzas. Arqueolóxico, arquitectónico, monumental, paisaxístico, natural, marítimo, gastronómico, ritual, festivo... obra e herdanza doutro patrimonio singular e insubstituíble, a memoria que atesouran as xentes labregas e mariñeiras, artesás e industriais, creativas e sempre imaxinativas, afeitas desde as orixes dos tempos a desbravar as acometidas do Mar e a destapar os misterios da Terra.

A Mariña, ademais, tamén é fértil campo de lendas, ritos e mitos, relatos que se nutren dun abondoso imaxinario gobernado por criaturas como as mouras (vellas e mozas), mouros, heroes e heroínas, monstros terrestres e mariños, sereas, fantasmas, meigas, demos, ánimas, santos, santas, lugar de casas encantadas, vilas asolagadas, tesouros, milagres e prodixios, que de todo hai. Des que se moldeou a lama primixenia, a Mariña foise facendo así, aos poucos, o que hoxe é, un Paraíso!

A quen non lle apetece sobrevoar a Mariña para contemplala suspendido dunha nube de néboa salgada! Quen se resiste a pasear aéreo (como santo André de Slagelse) do Eo ao Sor, do Xistral, valo de néboas e berce da friaxe dos ventos e das neves, ao Mar da Masma, leito onde se bican amorosas as augas de todos os nosos ríos!

Este libro pretende ser a aeronave imaxinaria que permita facer realidade ese soño, axudar a levitar pois as lendas e as memorias do noso imaxinario son o combustible imprescindible para acometer con éxito este tipo de aventuras.

Que se saiba xa que a viaxe só é de recoñecemento. Seleccionamos cen relatos lendarios, cen historias máxicas polo do número redondo pero tamén porque, desgraciadamente, a nosa literatura de tradición oral está aínda, salvo raras e honrosas excepcións, sen inventariar e estudar como sería desexable. Son bastantes máis as lendas das que temos referencias pero aínda son moitas máis as

que intuímos que se gardan na saqueta da memoria das xentes da Mariña.

Na maior parte dos nosos concellos, agás algunha que outra cata promovida desde os centros de ensino, desde colectivos culturais ou grazas a esforzos individuais realizáronse poucos traballos medianamente rigorosos centrados na nosa literatura popular de tradición oral. E moitos menos sobre lendas pois parece que os tempos piden ignorar un patrimonio exposto case irremediabilmente ao esquecemento.

Propoñémosvos viaxar polos 15 concellos que conforman a Mariña administrativa, un territorio no que se acomodan cidades históricas como Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro, unha ducia de vilas, 128 parroquias e infinitas aldeas nas que moran arredor de 80.000 almas. A garda xeográfica, non das fronteiras senón das esenciais, fánnola xendarmes da natureza como o río Eo polo leste, o Landro polo oeste, a Serra do Xistral polo sur e o Mar da Masma polo norte.

Cen paradas, cen lugares, cen historias e algunha máis de regalo que nos van permitir coñecer a excelsa riqueza e variedade do noso patrimonio mítico-lendario ao que xa prestaron atención persoeiros do relevo intelectual de Pastor Díaz, Cunqueiro, Lence Santar, Donapetry, Chao Espina, García Dóriga, L. Tobío, Vicente Risco, J. I. Pensado ... ou investigadores máis novos como M. Novo Güisan, Xoán R. Cuba, X. Miranda, M. Salvador, O. Carnero, V. Vaqueiro, M. Lourenzo, I. Ferreira, X. Pisón, X. Moure, I. Novo, L. Giadás, X. R. Fernández Pacios, X. Ruíz Leivas, M. Gago e, entre algúns máis, E. Gutiérrez.

A estes nomes habería que engadir un importante número de profesorado e alumnado de diversos centros escolares da Mariña que promoveron traballos de investigación como tarefa escolar e algúns mesmo acabaron sendo publicados en revistas escolares dixitais ou impresas ou en libro, como se anota no lugar correspondente. A estes habería que sumarles un número amplo de homes e mulleres informantes, dos que dámos o nome sempre que nos foi posible coñecelo, os que son os auténticos valedores e transmisores deste ben inmaterial patrimonio.

Grazas a todos estes nomes e a algúns máis que se citan nas notas e bibliografía poderemos ir coñecendo, capítulo a capítulo, concello a concello, estas historias que se gardan, mal que ben, no cesto compartido da memoria colectiva de todos nós.

Suban se lles praxe a bordo desta nave e déixense guiar pola corrente da fantasía. Suban, gocen das vistas e das lendas e coñezan canda nós, por terra, mar e aire, de a cabalo, a pé, en coche ou en barco os lugares onde habitan os encantos, onde hai e de que caste e calidade son os

tesouros, que fan e onde se reúnen as bruxas en conciliábulo ou as diferentes figuras nas que se transforman as nosas ánimas.

Tamén viaxaremos pola Mariña onde moran somerxidas as cidades e vilas asolagadas, onde poderemos tropezar coas perigosas lavandeiras ou cos ruíns, veremos como se interpretan, especialidade de vedoiros e vedoiras, as visións que agoiran a morte de veciños e familiares, saberemos de túneles secretos, das propiedades curadoras de certas augas, das capacidades milagreiras de santas e santos e a que se dedican, en que traballan, os nubeiros e as nubeiras.

No mar da Mariña hai barcos de pedra, baleas gigantes, sereas e ata piratas. Nas grandes rochas das abas da Serra do Xistral andan escusados seres como os pagaíños, especie única entre os aparentes da mitoloxía popular galega. Os nosos heroes, poñamos por caso Pardo de Cela, san Gonzalo ou o conde Santo, líbrannos cos medios propios da súa condición de seres sobrenaturais de innumerables perigos.

Moitos dos lugares con lenda están asociados a espazos naturais de enorme valor paisaxístico, de grande beleza como sucede coa illa Coelleira ou as fervezas de Santo Estevo do Ermo, do pozo da Ferida ou o pozo da Onza. A covas como a do rei Cintolo no interior e as da Doncela e de Xoán Vello na beiramar, a pozos piagos (profundos, escuros, sen fondo) ou a paraxes de interese arqueolóxico como os petróglifos das Anzas ou os castros de Zoñán e a Recadieira e tamén a santuarios, capelas e ermidas, ou a pontes como a do Pasatempo, a praias, a montes, a festas e romaxes...

Fíxense nas ilustracións da autoría do excelente artista Neira Brochs. Observen con calma os detalles que nos regala cos seus magníficos retratos de seres e lugares; axudarano a coñecerlos incluso antes de emprender esta fantástica aventura.

Polo demais, só é preciso que estea ao quite, atento á aparición da moura ou do encanto e, de darse o caso, á petición dun desencantamento para afrontalo con garantías de éxito. O plan de viaxe preparouse coa vontade de compartir e compracerte a ti, prezada lectora, prezado lector, e aguilloar a túa curiosidade por un patrimonio case sempre invisible.

Oxalá o consigamos!

A Mariña, inverno de 2020



MARIÑA É FÉRTIL CAMPO DE LENDAS, RITOS E mitos, relatos que se nutren dun abondoso imaxinario gobernado por criaturas como as mouras (vellas e mozas), mouros, heroes e heroínas, monstros terrestres e mariños, sereas, fantasmas, meigas, demos, ánimas, santos, santas, monstros, lugar de casas encantadas, vilas asolagadas, tesouros, milagres e prodixios, que de todo hai. Des que se moldeou a lama primixenia, a Mariña foise facendo así, aos poucos, o que hoxe é, un Paraíso!

A quen non lle apetece sobrevoar a Mariña para contemplala suspendido dunha nube de néboa salgada! Quen se resiste a pasear aéreo do Eo ao Sor, do Xistral, valo de néboas e berce da friaxe dos ventos e das Neves, ao Mar da Masma, leito onde se bican amorosas as augas de todos os nosos ríos!

Este libro pretende ser a aeronave imaxinaria que permita dar cumprimento a ese soño.

ANTONIO REIGOSA

